

## Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

### A-. BOLSA DE EMPREGO

A Bolsa Municipal de Empleo é un servizo público e gratuíto a través do cal se levan a cabo accións de información, orientación e busca de emprego de forma persoalizada.

Integra un conxunto de servizos e actividades ofrecidas polo equipo de Orientación da Concellaría de Empleo, dirixidas a mellorar a ocupabilidade dos usuarios da mesma. Dito servizo facilítalle ó usuario un maior coñecemento da situación laboral permitíndolle avaliar se dispón de todo o que o mercado lle solicita para acceder ó posto de traballo ao que aspira, aumentando as posibilidades de conseguilo.

